



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Pax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, en relación coas **políticas de recuperación da memoria histórica**.

O pasado 9 de Xuño substanciábase no Parlamento de Galiza a comparecencia do Conselleiro de Cultura e Turismo. As cuestións formuladas polo G.P. do BNG ficaron sen resposta. Concretamente, a solicitude de información sobre a política de recuperación da memoria histórica tivo a calada por resposta.

Na pasada lexislatura a Xunta de Galiza iniciou unha liña de actuación de apoio e impulso as actividades de recuperación da memoria histórica, declarando o ano 2006 coo Ano da Memoria. Púxose en marcha o Consello da Memoria, como equipo asesor no que participan asociacións, investigadores e persoas representativas da nosa memoria viva, creáronse liñas de axudas para as asociacións; promovéronse actividades como o Barco da Memoria, as homenaxes ás e ós represaliados, ou exposicións como o Memorial de Liberdade.

En definitiva, iniciouse unha liña de actuación destinada a recuperar do esquecemento ás persoas que sufriron a represión franquista, investigar de forma rigorosa a represión e dignificar a todas e todos os que sufriron persecución, exilio, cadea, e, mesmo, morte por defender as súas ideas.

No BNG agardamos que o Goberno do PP non pretenda eliminar estas liñas de actuación, pois constitúen unha reparación democrática necesaria.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
ga-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O silencio do Conselleiro de Cultura e Turismo, en todo caso, só contribúe a xerar dúbidas, que é preciso despxear.

Polo dito fórmulase a seguinte **Interpelación**:

1ª) Que medidas de recuperación da memoria histórica vai levar adiante a Xunta de Galiza?

2ª) Que medidas de apoio ás asociacións de recuperación da memoria histórica vai desenvolver a Xunta de Galiza?

3ª) Vaise manter a Illa de San Simón como un espazo adicado á recuperación da memoria histórica?

4ª) Que accións vai levar adiante a Xunta de Galiza para promover a investigación sobre a recuperación da memoria?

Santiago de Compostela, 9 de Xuño de 2009

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 09/06/2009 19:02:04**